

Unha semana máis, as nosas sabias e sabios apostan por una sesión de *“barra libre”* mentres que , baixo as lámpadas do seus salóns ou apoiados nas almofadas das súas camas ou mesmo tiradas na area da praia, van desgranando as aventuras de *Ignatius J. Reilly*, en *“La conjura de los necios”*.

Estas son as obras das que falamos:



El ingenioso hidalgo don Quijote de la Mancha, de Miguel de cervantes.


A primeira obra literaria que se pode clasificar como novela moderna e tamén a primeira novela polifónica, e como tal, exerceu un influxo abrumador en toda a narrativa europea posterior.

Unha obra universal, cun dos personaxes máis coñecidos da literatura de todos os tempos.



Robert des noms propres, de Amélie Nothomb.

Á nosa compañeira Patricia non se lle ocorreu mellor cousa que sorprendernos cun libro en francés. Afortunadamente falounos del en castelán, como é costume nela, e os que solo falamos galego e castelán podemos enterarnos de algo. Este libro, obra dunha autora belga que escribe en francés, foi traducido ao castelán co título *“Diccionario de nombres propios”*. E conta unha historia absorbente e mordaz, onde os nomes propios, como o título indica, teñen unha importancia capital.




La canción de Cazarrabo, de Tad Williams.

Unha aproximación a un dos grandes do xénero fantástico, chegounos a través deste libro, que nos conta unha historia protagonizada por gatos, afundíndonos para iso nun mundo totalmente felino, tanto que mesmo inclúe un glosario de termos gatunos. Unha obra recomendada para ós amantes dos felinos domésticos, pero tamén para calquera amante da lectura, pois esta é sobre todo unha obra sorprendente, cunha historia chea de marabillas que descubrir.




El secreto del orfebre, de Elia Barceló

Unha novela moi breve, pero moi traballada, intensa e vibrante de principio a fin. Unha historia de amor sorprendente, onde os segredos e a España provinciana dos anos cincuenta conforman un halo de melancolía, que serven para asentar unha obra conmovedora.



La tía Mame, de Patrick Dennis.

A historia dun neno orfo acollido pola máis marabillosa, excéntrica e caprichosa tía que saíu da mente dun escritor. Unha novela sinxelamente marabillosa, divertida, ácida ... En resumo, unha obra clásica do humor norteamericano.



Un mundo feliz, de Aldous Huxley.

Unhas das grandes obras de ciencia ficción da primeira metade do século XX. A historia de varias persoas (dúas delas remedos de Marx e Lenin) que conviven nun mundo futuro utópico (a obra data do 1932), un mundo en forma de ditadura perfecta, camuflada de falsa democracia, cunha sociedade perfectamente fabricada e controlada gracias a clonación, á xenética e a un sistema social baseado nas castas prefabricadas, no consumo e no entretemento. Claramente, un autor cunha gran visión de futuro. E esta resulta unha obra moi actual, e por actual, desacougante.